

**Música** Este colectivo musical gondomareño púxose en marcha no ano 1979

# Búscase logo para banda

A agrupación musical da parroquia gondomareña de Vincios vén de convocar un concurso co que pretenden atopar un elemento que os identifique e do que careceron desde a súa creación

[MÍRIAM V. F.] Camiño xa dos 40 anos de vida, a Agrupación Musi-cla de Vincios leva conseguido moitas cousas neste tempo. Para empezar, a estabilidade dunha banda que conta coa súa propia escola como canteira e que é unha das máis coñecidas da zona. Sen embargo, o colectivo musical gondomareño vén arrastrando desde hai todos eses anos unha eiva á que agora queren poñer remedio sen aprazalo por máis tempo: buscan ter o seu propio logo.

Con este fin, e tras desbotar outras posibilidades para dar co que precisan, convocaron un concurso aberto a quen queira probar sorte e tratar de deseñar unha proposta coa que os membros se sintan identificados. «De entrada pensamos en tratar de facer algo nós mesmos, pero claro, deseguido nos demos de conta de que cumpría ser orixinais e ter boas ideas e así foi como xurdiu o concurso», desgrana o coordinador da banda, Daniel González Troncoso. Nun primeiro momento colgaron carteis pola escola e o foron comentando entre os amigos dos membros. O seguinte paso foi xa crear unhas bases formais e establecer uns prazos para que os candidatos lles fagan chegar as súas suxerencias de logo.

Pero, ¿por que se lles deu por aí tantos anos despois? «En ocasións vémonos en dificultades cos papeis oficiais por non ter un símbolo que nos identifique. E o mesmo cando, por exemplo, queremos facer un agasallo para os nenos da escola ou sinxelamente ter un símbolo que nos represente para calquera colaboración». Nalgún tempo chegaron a ter unha lira, pero non era sa-



A orquestra ronda actualmente os 65 membros, convertida nun referente na comarca.



A súa escola é un elemento clave no seu funcionamento.

**Téñense visto en dificultades cos papeis oficiais por esta carencia**

**Buscan ter un elemento propio que se asocie con eles**

tisfactoria por diferentes motivos. «Por un lado, é algo común a moitas bandas. E a maiores diso, resulta moi difícil de plasmar por exemplo nunha escultura. É case imposible».

O que buscan, por tanto, é un elemento propio que non sexa excesivamente complicado e que se poida asociar facilmente con eles. «A Coca-Cola ten o seu logo polo que todo o mundo a coñece. E moitas outras marcas. Pois nós cremos que xa vai sendo ho-

ra de ter tamén algo así, que se vexa e se saiba que somos nós». Por exemplo, pensaron en facer mochilas e que sirvan de promoción. «Que un neno lla vexa a outro, pregunte de que é e así se fale de nós, da escola, e se anime a vir máis xente», expón.

Polo de agora non recibiron ningunha proposta (o prazo remata o 29 de febreiro), pero si chamadas de persoas curiosas e interesadas por coñecer as bases do concurso. «Aínda acabamos de empezar e é normal non ter recibido nada, pero confiamos en poder atopar desta o noso logo».

A Banda Municipal de Vincios foi creada no ano 79 por veciños que compartían a ilusión de ter a súa banda e a súa escola de música. Esta última é «o corazón» da agrupación, onde forman aos nenos e sen a cal «a escola a longo prazo non tería vida». A isto suman un coro e moitos proxectos por diante. A meirande parte deles, a bo seguro, realizaránse xa co seu novo logo presidindo calquera actividade ou actuación. Queda menos, agardan.